

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

*ORDE do 30 de marzo de 2026 pola que se regula a oferta de prazas para actividades xuvenís dentro do programa **Campaña de verán 2026** e se procede á súa convocatoria (código de procedemento **BS303A**).*

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, leva a cabo a promoción e organización de actividades cun claro compoñente de educación non formal destinadas á xuventude no ámbito do lecer e o tempo libre.

Asumidas as competencias neste eido polo Decreto 146/1982, do 1 de decembro, sobre asunción de competencias en materia de cultura, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude inclúe entre os seus obxectivos o de favorecer a participación da xuventude en actividades deste tipo e, para iso, convoca, unha vez máis, a oferta de prazas xuvenís dentro da programación da Campaña de verán.

Mediante a oferta da devandita campaña, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ofrece a posibilidade de que a xuventude empregue o seu tempo libre de verán participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que sirvan non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital.

A Campaña de verán da Xunta de Galicia é un recurso de conciliación para as familias galegas e de educación non formal para o tempo de lecer dos nosos mozos e mozas, que lles permite beneficiarse dun espazo de ocio favorable para as súas emocións e sentimentos.

Ademais, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en aplicación do principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade, considera pertinente que, ademais das actuacións específicas dirixidas ás persoas con discapacidade, se teñan en conta as necesidades e demandas destas persoas nas políticas e liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, como é o ámbito de actuación das políticas dirixidas á mocidade galega.

Neste sentido, cómpre tamén sinalar que a Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, que entrou en vigor o 3 de maio de 2008, recoñece no seu artigo 30 o dereito das persoas con discapacidade a participar, en igualdade de condicións coas demais persoas, nas actividades recreativas e de lecer e tempo libre. Así mesmo, o artigo 7 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto



refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, versa exclusivamente sobre o dereito á igualdade das persoas con discapacidade.

Con base no exposto, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, e en aplicación do principio de transversalidade que informa as políticas de xuventude, acorda integrar nesta convocatoria as necesidades da mocidade galega na ocupación do seu tempo de lecer, de maneira que as persoas mozas con discapacidade poidan participar en condicións de igualdade e, ademais, ter a oportunidade de decidir sobre a modalidade de participación a que desexan optar, o procedemento xeral ou o procedemento das prazas reservadas de inclusión. Deste xeito preténdese que a inclusión social das persoas mozas con discapacidade sexa unha realidade ao tempo que se favoreza a interacción e a convivencia entre toda a mocidade.

De acordo co establecido no número 2 do artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, atendendo ao colectivo de persoas físicas a que vai destinada a convocatoria, que ten ou pode ter con facilidade a capacidade dixital requirida, co fin de axilizar a xestión das solicitudes e acadar unha maior eficiencia na tramitación, e en consonancia coas tres últimas convocatorias, considérase procedente establecer a obriga de relacionarse coa Administración convocante a través de medios electrónicos.

Por todo isto, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. A través desta orde, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude oferta as prazas para actividades xuvenís dentro da programación da Campaña de verán para o ano 2026 que se detalla no anexo I (código de procedemento BS303A), para facilitar que a xuventude galega poida participar en actividades de tempo libre de calidade.

As actividades que integran esta programación levaranse a cabo en diferentes quendas durante os meses de xullo, agosto e setembro.

2. A información sobre a convocatoria desta campaña atoparase detallada na páxina web <https://xuventude.xunta.gal>



Artigo 2. Servizos ofertados

1. As persoas participantes nas actividades xuvenís da programación da Campaña de verán 2026 disporán dos seguintes servizos:

- a) Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e conviencial que posibilite a participación da persoa moza.
- b) O aloxamento en albergue xuvenil, residencia xuvenil, campamento xuvenil ou aloxamento turístico.
- c) A manutención en réxime de pensión completa.
- d) O material necesario para o desenvolvemento da actividade xuvenil.
- e) Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, de ser o caso. Así mesmo, e para o caso das persoas con discapacidade que por razón das súas necesidades especiais precisen apoio, disporase de persoal que conte coa formación e experiencia necesarias para atendelas.
- f) A atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.
- g) No caso de intercambios noutras comunidades autónomas, o transporte desde Santiago de Compostela, que será o punto de saída, ata o lugar de destino do intercambio, así como o retorno ata o mesmo punto de saída. O traslado ata Santiago de Compostela o día de saída e o traslado para a recollida da persoa menor, no mesmo lugar, o día de retorno, será por conta da persoa interesada. No suposto de abandono da actividade ou expulsión da persoa participante, será responsabilidade das persoas proxenitoras, titoras legais ou acolledoras o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que se ocasionen.

2. A incorporación e a recollida das persoas participantes nas actividades en Galicia será por conta da persoa interesada nos termos que se indiquen pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, na páxina web <https://xuventude.xunta.gal>

No suposto de abandono da actividade ou expulsión da persoa participante, será responsabilidade das persoas proxenitoras, titoras legais ou acolledoras o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que se ocasionen.



A recollida das persoas participantes requirirá a comparecencia dalgunha das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras que figuren na solicitude, ou persoa debidamente autorizada por quen figure nela como representante.

En todo caso, o abandono do campamento antes da súa finalización requirirá a comparecencia dalgunha das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras que figuren na solicitude, ou persoa debidamente autorizada por quen figure nela como representante, e será responsabilidade delas o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que por tal causa se ocasionen, tal e como se especifica no artigo 2.2.

3. A participación nas actividades xuvenís ofertadas nesta convocatoria estará suxeita, unha vez adxudicada unha actividade tras o sorteo, ao pagamento do prezo fixado no anexo I, epígrafes A, B, C e D, de conformidade co establecido nos artigos 8, 10, 11 e 13 desta orde.

Artigo 3. *Persoas participantes*

1. Poderán solicitar a súa participación nas actividades xuvenís ofertadas nesta convocatoria as persoas mozas residentes en Galicia, nadas no ano sinalado no anexo I para cada actividade. Para participar nestas actividades, o/a menor solicitante deberá ter expedido e en vigor o DNI ou NIE na data de presentación da solicitude.

2. En canto ás idades mínima e máxima para participar na Campaña de verán 2026, as persoas nadas no ano 2017 deberán ter 9 anos ao inicio do campamento e as persoas nadas no ano 2008 non poderán facer os 18 anos antes da finalización do campamento.

3. Para ser admitida/o no campamento será necesario non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio. Para estes efectos, as persoas admitidas deberán comunicar se padecen algunha enfermidade transmisible con risco de contaxio cubrindo a epígrafe correspondente do anexo III-Cuestionario de saúde e autonomía persoal e declaración de saber nadar.

Para os campamentos que inclúan na súa programación actividades acuáticas, é requisito saber nadar, sen prexuízo do sinalado para as persoas con discapacidade no número 5. No formulario de solicitude a persoa representante do/da menor declarará responsabilmente, segundo o caso, que este/a sabe nadar ou que non sabe nadar, para os efectos de participación en actividades acuáticas do campamento solicitado na Campaña de verán da Xunta de Galicia.



4. Ningunha persoa participante poderá ser admitida en máis dun campamento nesta convocatoria. A praza adxudicada será intransferible.

5. As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán facer constar esta circunstancia na epígrafe que figura no anexo de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisa.

Para facilitar a selección dos campamentos e instalacións xuvenís máis axeitadas ás condicións das persoas participantes, a programación de actividades e as características das instalacións en que se desenvolven poderanse consultar na páxina web <https://xuventude.xunta.gal>

En función do tipo de discapacidade, poderá exceptuarse, de ser o caso, o requisito de saber nadar.

No caso de persoas participantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %, deberase optar, de conformidade co artigo seguinte, polas prazas do procedemento xeral indicadas no anexo I, epígrafe A, no anexo I, epígrafe B (minicampamentos Coñece Galicia) e no anexo I, epígrafe D (intercambios noutras comunidades autónomas), ou polas prazas reservadas para inclusión relacionadas no anexo I, epígrafe C. Para tal efecto, deberán indicar no anexo de solicitude se solicitan ou non unha praza reservada para inclusión.

6. As persoas menores en situación de tutela ou garda pola Administración e que se atopen en acollemento residencial poderán participar nesta convocatoria, esta condición deberá indicarse no anexo de solicitude marcando o recadro correspondente.

7. O incumprimento dos requisitos sinalados neste artigo impedirá a participación da persoa solicitante no campamento.

Artigo 4. *Solicitudes*

1. De acordo co establecido no artigo 10.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas pre-



sentada a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Para as persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33 % poderán solicitarse as prazas do procedemento xeral indicadas no anexo I, epígrafe A, no anexo I, epígrafe B (minicampamentos Coñece Galicia), e no anexo I, epígrafe D (intercambios noutras comunidades autónomas), ou as prazas reservadas para inclusión relacionadas no anexo I, epígrafe C. No caso de optar polas prazas reservadas para inclusión, deberase marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude.

3. Para o suposto de dous/dúas ou máis irmáns/ás, poderanse solicitar idéntica/s instalación/s, quenda/s e campamento/s, identificado/s co mesmo código e pola mesma orde de prioridade, vinculando as solicitudes entre si, de xeito que, ou ben resultarán adxudicatarias todas elas para a mesma instalación, quenda e campamento, ou ben ningunha. A situación das persoas menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar equipárase ás de persoas irmáns.

Todos/as os/as menores deberán, neste caso, cumprir os requisitos de idade exixidos para as instalacións, quendas e campamentos solicitados.

Na solicitude de cada unha destas persoas menores deberase indicar que se trata dunha solicitude vinculada con outra/s, marcando o recadro correspondente e indicando o número de DNI/NIE da/das outra/s persoa/s menor/es coas cales se quere vincular.

Cando se trate dunha persoa sen discapacidade que teña irmáns/irmáns con discapacidade e queiran presentar solicitudes vinculadas entre si, só poderán solicitar as prazas do procedemento xeral indicadas no anexo I, epígrafe A, no anexo I, epígrafe B (minicampamentos Coñece Galicia) e no anexo I, epígrafe D (intercambios noutras comunidades autónomas). En ningún caso unha persoa sen discapacidade igual ou superior ao 33 % poderá ocupar unha praza das reservadas para inclusión (anexo I, epígrafe C).



O incumprimento do disposto no punto anterior por algunha das persoas solicitantes suporá a exclusión de todas as persoas que presenten solicitudes vinculadas á desá persoa.

Estas solicitudes vinculadas teñen efecto durante o sorteo para a adxudicación da praza e para xerar as listas de espera. Non obstante, no momento das adxudicacións desde a lista de espera teranse en conta como solicitudes individuais.

5. A solicitude debe cubrirse de acordo co seguinte réxime:

- a) Cada persoa moza só poderá presentar unha solicitude e deberá indicar se opta por formular unha solicitude vinculada a outra/s ou non, e se opta polo procedemento de inclusión ou non.
- b) Os datos da persoa solicitante deben ser os da persoa moza que opta a participar nas actividades e debe indicarse o seu número de DNI ou NIE.
- c) A solicitude deberá ser asinada pola persoa proxenitora, titora ou acollidora do/da menor solicitante, que actuará como representante.
- d) Na solicitude indícaranse, de ser o caso, os datos da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora do/da menor.
- e) Cada solicitante poderá elixir, por orde de prioridade, un máximo de cinco quendas de campamento. Cada quenda vai identificada cun código no anexo I, epígrafes A, B, C e D.
- f) As persoas solicitantes deben residir na Comunidade Autónoma de Galicia e, polo tanto, o enderezo que se inclúa na solicitude deberá ser, necesariamente, nalgún concello de Galicia.
- g) No caso de que un/unha menor figure en máis dunha solicitude, sexa esta asinada como representante pola mesma persoa proxenitora, titora ou acollidora ou por outra distinta, serán inadmitidas todas as solicitudes dese/a menor e este/a quedará fóra da adxudicación.
- h) No caso de solicitudes vinculadas, de non optar por idéntica/s instalación/s, quenda/s e campamento/s, identificado/s co mesmo código e pola mesma orde de prioridade, consideraranse solicitudes individuais non vinculadas.

CVE-DOG: upexxyg2-9o85-j8e2-v8y7-dd1mijy5vcp7



→ 6. Logo da presentación da solicitude, asignarase un número de expediente que poderá consultarse na epígrafe «A miña sede» da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal>

Se na consulta se detecta algún erro ou non consta a solicitude que a persoa interesada presentou en forma e prazo, debe chamar a calquera dos números de teléfono que aparecen no anexo VI, de información sobre a convocatoria.

A comunicación dos erros deberá efectuarse, como data límite, ata tres días hábiles antes do sinalado para a realización do sorteo. Unha vez transcorrido ese día, non procederá reclamación ningunha.

7. A presentación da solicitude implica a aceptación das normas deste procedemento.

8. As persoas solicitantes poderán solicitar información e asesoramento en relación coa convocatoria nos teléfonos relacionados no anexo VI e tamén de modo presencial nas dependencias sinaladas no citado anexo.

Artigo 5. *Prazo*

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6. *Adxudicación de prazas*



1. A adxudicación das prazas, tanto no procedemento xeral (anexo I, epígrafes A, B e D) como no de prazas reservadas para inclusión (anexo I, epígrafe C), realizarase por sorteo, por medios informáticos.

Efectuaranse dous sorteos independentes: o xeral e o de prazas reservadas para inclusión.

O día, a hora e o lugar de realización do sorteo anunciarase na páxina web de Xuventude, <https://xuventude.xunta.gal>

Mediante este sorteo cubriranse as prazas nas distintas quendas de campamentos que especifica o anexo I, epígrafes A, B, C e D. No sorteo darase prioridade a aquelas persoas solicitantes que non participasen nunha actividade adxudicada na fase de sorteo da Campaña de verán 2025.



Esta prioridade será de aplicación no caso de solicitudes vinculadas en que algunha das persoas solicitantes non participase nunha actividade adxudicada na fase de sorteo da Campaña de verán 2025.

No procedemento xeral, a adxudicación de prazas a persoas con discapacidade que soliciten campamentos noutras comunidades autónomas relacionados no anexo I, epígrafe D, requirirá da confirmación de admisión da comunidade autónoma de destino, conforme o seu propio procedemento en materia de discapacidade. Unha vez realizado o sorteo, realizarase a consulta á comunidade autónoma de destino nos casos en que proceda.

2. O sorteo tamén dará lugar a unha lista de espera para cada unha das quendas de campamentos recollidas no anexo I. Incluirase cada participante unicamente nunha lista de espera para unha única quenda entre as que solicitou. O número de reservas en cada quenda será do 50 % das prazas convocadas. Xerarase a lista de espera tanto no sorteo de prazas do procedemento xeral (anexo I, epígrafes A, B e D) como no específico de prazas reservadas para inclusión (anexo I, epígrafe C).

3. A Dirección Xeral de Xuventude fará público o resultado do sorteo, incluídas as listas de espera, e publicará na páxina web <https://xuventude.xunta.gal> a lista de persoas admitidas para cada quenda de campamentos e a lista de espera correspondente.

O resultado do sorteo publicarase na citada páxina web <https://xuventude.xunta.gal> no prazo máximo de dous (2) meses desde a publicación da convocatoria.

Para os efectos desta publicación, e en virtude da normativa de protección de datos persoais, as persoas admitidas virán identificadas exclusivamente polo número de expediente asignado pola aplicación informática de xestión do procedemento. Procederase do mesmo xeito respecto das persoas incluídas nas listas de espera. O número de expediente asignado á persoa menor solicitante poderase consultar conforme se indica no artigo 4.6.

Na epígrafe «A miña sede» da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.gal>, poderá consultarse igualmente se ao/á menor, tras realizar o sorteo, se lle adxudicou algunha actividade das incluídas no anexo I.



Artigo 7. Réxime de recursos

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro desta orde porán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto for expreso, a partir do día seguinte ao da súa publicación. Transcorrido este prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, se for o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non for expreso, a persoa solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se produza o acto presunto.

Artigo 8. Documentación complementaria para a adxudicación

1. As persoas admitidas deberán presentar no prazo de cinco (5) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do resultado do sorteo, a seguinte documentación:

- a) Xustificante de pagamento do prezo da actividade emitido pola Axencia Tributaria de Galicia.
- b) Copia do certificado de nacemento ou libro de familia. En caso de separación ou divorcio das persoas proxenitoras, copia da sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou do convenio regulador onde conste a custodia do/da menor.
- c) Copia da documentación xudicial ou administrativa en que se designe a persoa titora ou gardadora do/da menor.
- d) Copia da resolución de acollemento familiar, de ser o caso.
- e) Copia do certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental cando fose expedido por outra comunidade autónoma.



- f) Copia do título de familia numerosa cando fose expedido por outra comunidade autónoma.
- g) Copia da tarxeta sanitaria ou seguro médico privado.
- h) Cuestionario de saúde e autonomía persoal e declaración de saber nadar (anexo III). As persoas con discapacidade deberán facilitar neste documento a información actualizada que permita valorar os apoios específicos que precisa, de ser o caso.
- i) Declaración sobre a autorización para a captación de imaxes (anexo IV).

2. No caso de persoas con discapacidade, ademais, deberán presentar un certificado acreditativo do grao de discapacidade, cando non fose expedido na nosa comunidade autónoma, e copia do ditame técnico facultativo, emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente.

3. A documentación complementaria para a adxudicación deberá presentarse de conformidade co disposto no artigo 12.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación destes procedementos e tras a adxudicación da praza, de ser o caso, consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) DNI/NIE da persoa titular da conta, no caso de solicitude de devolución de cota prevista no artigo 15.
- d) Datos de residencia con data da última variación do padrón da persoa solicitante.



2. Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Certificado do grao de discapacidade do/da menor solicitante expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Título de familia numerosa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Certificado de familia monoparental expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Carné Xove do/da menor.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e, no caso de resultar adxudicatarias dunha praza, achegar os documentos no prazo de cinco (5) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do resultado do sorteo.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. *Adxudicación de prazas ás listas de espera*

1. As vacantes que se produzan por non presentar a documentación referenciada no artigo 8, por presentala fóra do prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo, serán ofrecidas na fase de reservas ás persoas solicitantes que figuran nas listas de espera correspondentes.

No caso de que se produzan baixas, o Servizo de Xuventude e Voluntariado do Departamento Territorial da provincia en que se localice o campamento ou a Dirección Xeral de Xuventude, no caso de campamentos de intercambio, contactarán, seguindo a orde de lista, coas persoas da lista de espera mediante chamada telefónica ao número de teléfono indicado no formulario de solicitude, na epígrafe do/da representante legal.



Realizaranse tres (3) chamadas entre as 9.00 e as 14.00 horas, que serán rexistradas para a constancia da súa realización. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase a seguinte na lista de espera.

Unha vez recibida a comunicación e aceptada, na mesma chamada telefónica, a praza ofrecida, deberán presentar a documentación sinalada no artigo 8 nun prazo de dous días hábiles a partir desta chamada. No caso de non presentar a mencionada documentación no prazo indicado, a praza ofreceráselle á seguinte persoa da lista de espera.

Para a presentación desta documentación estarase ao establecido no artigo 8.3.

Será de aplicación o disposto no artigo 9 en canto á comprobación de datos.

2. A apertura da fase de reservas publicarase na páxina web de Xuventude, <https://xuventude.xunta.gal>

Artigo 11. *Adxudicación das prazas de resultas*

1. As prazas vacantes que non se cubran polos procedementos de adxudicación establecidos nos artigos 6 e 10 serán ofertadas na fase de resultas a calquera solicitante que as demande, aínda que non presentase unha solicitude no prazo do artigo 5, sempre que reúna as condicións e requisitos exixidos nesta orde para participar na convocatoria.

2. As prazas vacantes ás cales se pode optar publicaranse cada día ás 15.00 horas na páxina web <https://xuventude.xunta.gal>

As prazas ofertadas cada día só se poderán solicitar ese mesmo día entre as 16.00 horas e as 21.00 horas; non se terán en conta as solicitudes de actividades que non figuren na lista de prazas vacantes do día de presentación da solicitude, ou presentadas fóra do referido horario.

3. A apertura do prazo de presentación de solicitudes para a cobertura das prazas vacantes ofertadas en fase de resultas publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Este prazo permanecerá aberto ata o 2 de setembro de 2026.

4. As solicitudes das prazas de resultas presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (anexo II).



De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Logo da presentación da solicitude asignarase un número de expediente que poderá consultarse na epígrafe «A miña sede» da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal>

Só se admitirán as solicitudes presentadas cada día entre as 16.00 e as 21.00 horas, para as prazas publicadas ese mesmo día.

As prazas de resultas adxudicaranse por orde de recepción da solicitude.

Se unha persoa xa ten adxudicada unha praza en calquera das fases do procedemento (sorteo, fase de reserva ou fase de resultas) non poderá resultar adxudicataria dunha nova praza en fase de resultas se non renuncia á praza previamente adxudicada. No formulario de solicitude a persoa representante declarará que o/a menor solicitante ten adxudicada unha praza en calquera das fases do procedemento (sorteo, fase de reserva ou fase de resultas) e renuncia a ela no caso de resultar adxudicataria da nova praza solicitada en fase de resultas.

A reserva de praza deberá facerse de maneira individual, para unha única persoa solicitante.

Cada solicitante poderá solicitar, como máximo, tres quendas de campamento, por orde de preferencia, sempre que reúna o requisito de idade para todas as solicitadas. No caso de solicitar máis de tres quendas de campamento, só se terán en conta as tres primeiras.

5. Unha vez comprobada na aplicación informática a dispoñibilidade da praza solicitada, asignaráselle esta á persoa interesada e comunicarase a adxudicación mediante correo electrónico ao enderezo indicado na solicitude, que disporá dun prazo máximo de dous días hábiles para presentar a documentación relacionada no artigo 8.



Para a presentación desta documentación observárase o establecido no artigo 8.3.

Será de aplicación o disposto no artigo 9 en canto á comprobación de datos.

Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. *Prezos*

1. Os prezos para cada actividade e quenda aparecen detallados no anexo I, epígrafes A, B, C e D, fixados conforme o regulado na Orde do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude.

2. De conformidade co disposto na Orde do 1 de abril de 2016, os membros de familias que teñan o título de numerosa, os membros de familias monoparentais e os membros de familias acolledoras terán un desconto do 50 % sobre os prezos que aparecen detallados no anexo I.

Para aplicar estes descontos hai que estar en posesión, no momento do pagamento da taxa, dos títulos habilitantes correspondentes: título de familia numerosa, certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental e resolución de acollemento familiar, expedidos polo órgano competente.

3. Así mesmo, conforme o disposto na Orde do 1 de abril de 2016, as persoas usuarias do Carné Xove gozarán dun desconto do 25 % sobre os prezos que aparecen detallados no anexo I desta orde. Para poder aplicar o desconto, a persoa beneficiaria deberá ser titular do Carné Xove, vixente e activado, no momento de efectuar o pagamento.

4. Os descontos citados nos números anteriores en ningún caso serán acumulables.

Para os efectos da aplicación destes descontos, as persoas solicitantes deberán indicar na súa solicitude, marcando o recadro correspondente do formulario, se teñen ou non o



título de familia numerosa, o certificado de familia monoparental, a resolución de acollemento familiar ou o Carné Xove, para a súa posterior comprobación pola Administración. No caso de que se opoñan a esta comprobación no formulario de solicitude, deberá achegarse a copia do título vixente de familia numerosa, do certificado de familia monoparental, da resolución de acollemento familiar ou a do Carné Xove, segundo o desconto aplicable.

5. O pagamento da cota efectuarase mediante impreso de autoliquidación e pagamento de taxas e prezos, conforme as indicacións que se publicarán na páxina web <https://xuventude.xunta.gal>

Artigo 14. *Obrigas das persoas adxudicatarias*

As persoas adxudicatarias das prazas están obrigadas:

a) A incorporarse ao campamento e regresar polos medios e nos prazos establecidos.

b) A non abandonar o campamento sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono do campamento antes da súa finalización requirirá a comparecencia dalgunha das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras que figuren na solicitude, ou persoa debidamente autorizada por quen figure nela como representante, e será responsabilidade delas o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que por tal causa se ocasionen, tal e como se especifica no artigo 2.2.

c) A respectar as normas establecidas polos equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións xuvenís e dos aloxamentos turísticos, as relativas ao cumprimento de medidas persoais de hixiene e prevención existentes no momento do desenvolvemento do campamento e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.

Poderán ser expulsadas do campamento as persoas participantes que non respecten as citadas normas e cando o seu comportamento dificulte ou impida a convivencia, logo do trámite de audiencia da persoa interesada.

Artigo 15. *Devolución de cota*

1. Se, unha vez obtida a praza por calquera dos procedementos de adxudicación, directa, por sorteo ou fases de reserva e resultas, e aboado o prezo correspondente, a persoa



interesada non pode asistir ao campamento, só terá dereito á devolución deste nos casos e polas causas seguintes:

a) Renuncia á praza comunicada por escrito sempre e cando solicite a devolución da cantidade aboada polo menos sete (7) días hábiles antes do inicio do campamento.

No caso de prazas adxudicadas en fase de reserva ou de resultas e cando non concorra ningunha das outras causas recollidas neste número, o prazo para comunicar a renuncia e solicitar a devolución da cota será de cinco (5) días hábiles antes do inicio do campamento e só se admitirá a devolución de cota cando a data do seu inicio permita presentar a solicitude de devolución con esta antelación mínima de cinco (5) días hábiles.

b) Anulación do campamento ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.

c) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte a persoa menor e lle impida incorporarse ao campamento, que deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital en que estea ingresada a persoa menor.

d) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar da persoa menor ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

e) Abandono do campamento por calquera dos motivos recollidos na letra c), sempre e cando non transcorrese máis do 50 por cento dos días de duración deste.

2. As solicitudes de devolución de cota amparadas no suposto de renuncia recollido na letra a) do número 1, sen que concorra ningunha das causas recollidas taxativamente nas letras b), c), d) e e), serán denegadas se non se presentan coa antelación mínima sinalada na citada letra a).

3. Para estes efectos, as persoas interesadas dispoñen dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de participación anexo a esta orde (anexo V), que se poderá obter na Guía de procedementos e servizos no enderezo electrónico <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou na sede electrónica no enderezo <https://sede.xunta.gal>, indicando o código do procedemento no buscador.



Estas solicitudes presentaranse por medios electrónicos accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, conforme o sinalado no artigo 12.

4. As solicitudes de devolución de cota dirixiranse ao Departamento Territorial da provincia onde se localice a actividade obxecto da solicitude, para a súa resolución pola persoa titular do Departamento Territorial, por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

No caso de campamentos de intercambio noutras comunidades autónomas, a solicitude dirixirase á Dirección Xeral de Xuventude e será resolta pola persoa titular da Dirección Xeral, por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

5. Coa solicitude deberán achegarse, de ser o caso, os xustificantes sinalados nas letras c) e d) do número 1.

Disposición derradeira primeira. *Delegación de competencias*

Delégase na persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude a competencia para ditar as resolucións precisas no procedemento de adxudicación de prazas para actividades xuvenís dentro da programación da Campaña de verán convocado por esta orde, agás a competencia para resolver as solicitudes de devolución de cota das actividades desenvolvidas en Galicia, que se delega na persoa titular do Departamento Territorial da provincia onde se localice a actividade obxecto da solicitude.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2026

José López Campos
Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude



ANEXO I

A. Campaña de verán 2026. Procedemento xeral
A Coruña

Instalación xuvenil	Campamento	Data	Ano de nacemento	Importe praza	Código
Albergue Xuvenil Mariña Española (Bergondo e Sada)	Aventura nas Mariñas	1-8 de xullo	15-16-17	148,00 €	150001
		11-18 de xullo	15-16-17	148,00 €	150002
		21-28 de xullo	15-16-17	148,00 €	150003
		1-8 de agosto	15-16-17	148,00 €	150004
		11-18 de agosto	15-16-17	148,00 €	150005
		21-28 de agosto	15-16-17	148,00 €	150006
Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)	Actividades no mar	1-10 de xullo	11-12-13	193,30 €	150007
		15-24 de xullo	08-09-10-11	193,30 €	150008
		29 de xullo-7 de agosto	08-09-10-11	193,30 €	150009
		12-21 de agosto	12-13-14	193,30 €	150010
		26 de agosto-4 de setembro	11-12-13-14	193,30 €	150011
	Creando o meu videoxogo	31 de agosto-7 de setembro	12-13-14	148,00 €	150012
	A vista de paxaro. Primeiros pasos con drons	31 de agosto-7 de setembro	12-13-14	148,00 €	150013
Adestrando o meu robot	31 de agosto-7 de setembro	12-13-14	148,00 €	150014	
